

Intercambio xuvenil a Venecia

Convócanse prazas para asistir a un intercambio xuvenil a Venecia (Italia), enmarcado dentro das relacións bilaterais que mantén este Concello con distintas entidades noutros países.

No marco de facilitar os xoves do noso concello o coñecemento de outras realidades socioculturais, económicas e políticas, convocase un intercambio a Venecia-Italia, enmarcado dentro das relacións bilaterais que se manteñen con distintas entidades noutros países

Obxectivo: Facilitar o coñecemento doutras realidades socioculturais, medioambientais e lingüísticas para a comprensión da diversidade cultural e medioambiental, e favorecer e potenciar a adquisición de habilidades e competencias non formais que faciliten o desenvolvemento persoal.

Datas de realización do intercambio: do 24 de xuño ao 1 de xullo de 2023

Lugar de realización do intercambio: Na cidade de Venecia

Destinatarios: mozos e mozas residentes en Santa Comba con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos de idade no momento de celebrarse o intercambio.

Prazo de inscrición: ata ó 31 de maio de 2023.

Inscrición: mediante envío de formulario electrónico dentro do prazo establecido. Só se admitirá unha solicitude por participante.

Admisión: será por rigoroso orde de inscrición, tendo preferencia as mozas e mozos que non participaron no anterior intercambio municipal que se levou a cabo en dita cidade, ata cubrir a totalidade de prazas convocadas para o intercambio. Os/as solicitantes seleccionados/as recibirán un correo electrónico de confirmación da praza. De non recibir comunicación de confirmación da praza o último día de inscrición, entenderase que non obtivo praza para o intercambio.

O estar as prazas completas realizarase unha reunión para facilitar información complementaria os admitidos.

Os erros nos datos facilitados na solicitude de participación ou a omisión dalgún deles pode ocasionar a desestimación da solicitude.

Realizarase unha lista de espera por si houbera baixas nas prazas de admitidos.

Confirmada a praza nos 5 días (naturais) seguintes as persoas seleccionadas deberán remitir a documentación que a continuación se indica ao correo que se lles facilitara no seu momento.

– Unha copia do billete de transporte adquirido para desprazarse ata o aeroporto mais próximo da cidade do país do intercambio. Non é documento válido a reserva de voo.

– Unha copia da Tarxeta Sanitaria Europea.

A non remisión destes documentos no prazo establecido supón a perda da praza no intercambio.

De darse baixas despois de ter sido adxudicadas as prazas, ofertaráselle aos seguintes da lista de espera, tendo que presentar estes os billetes e a documentación nos 3 días naturais seguintes da comunicación.

Recibidos correctamente as copias dos documentos requiridos, posteriormente as persoas seleccionadas seralles facilitado o nome do coordinador que acompañará ao grupo, así como o lugar e a hora de encontro en Venecia, e o nome e lugar do aloxamento de celebración do intercambio.

Cobertura do intercambio:

Aloxamento en réxime de pensión completa en cuarto de uso múltiple.

Trasporte no ámbito do intercambio unha vez chegado o aloxamento e ata saír deste de volta.

Actividades organizadas pola entidade de acollida:

– Coñecemento da entidade de acollida

– Percorrido cultural polos principais monumentos da cidade de Venecia.

– Visita as Illas de Murano e Burano.

Será a cargo do/a participante:

Os gastos de desprazamento dende Santa Comba ata o lugar do intercambio e os gastos dende o lugar do intercambio ata Santa Comba de volta.

A obtención da Tarxeta Sanitaria Europea ou seguro médico que dea cobertura equivalente durante a duración do intercambio.

Dirección para enviar os formularios de solicitude:

intercambioeuropeo@gmail.com

Recomendación de aeroporto máis próximo:

Aeroporto Internacional Marco Polo (VCE).

Aeroporto de Venecia-Treviso (TSF).

Aeroporto de Trieste (TRS)

Aeroporto de Verona (VRN)

Aeroporto de Bologna (BLQ)

Aeroporto de Milán-Bérgamo (BGY)

**FORMULARIO DE SOLICITUDE
DATOS QUE DEBEN FIGURAR EN EL FORMULARIO**

Nome y Apellidos

Domicilio

Código Postal

Fecha Nacimiento

Teléfono móvil

Teléfono fijo

E-mail

Telefono de persoa de contacto